# Contido da proba de acceso a 1º de grao elemental

Esta proba non presupón coñecementos técnicos da música.

CONTIDOS DA PROBA

- **Test rítmico**: O profesor tocará cun lapiseiro ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.
- **Test de entoación**. O profesor cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.
- **Test de psicomotricidade**: O profesor realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pés e exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.

Tódolos test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.

Ningún test será eliminatorio.

Os contidos dos test están adaptados a tres bloques de idades:

- Bloque de 7 a 9 anos
- Bloque de 10 a 11 anos
- Bloque de 12 a 14 anos

A proba calificaráse de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter, o aspirante, unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

Cualificarase ata dous decimais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE INGRESO A 1º GRAO ELEMENTAL

Aínda que non existe unha coincidencia de criterios á hora de demostrar cientificamente a natureza das aptitudes musicais, é evidentemente que as aptitudes rítmicas e auditivas son básicas e esenciais para progresar na interpretación musical. Por outra parte, parecen as máis axeitadas para realizar unha valoración obxectiva das condicións que o neno posúe por natureza.

A proba está baseada en exemplos de imitación rítmica e melódica, ademais de coordinación motora.

En cada un dos exercicios establécese unha orde de dificultade de progresións para facilitar unha mellor matización nas valoracións dos resultados.

Terase en conta a precisión rítmica e a regularidade do pulso, así como a entoación e a afinación nos exemplos melódicos.